



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DÍA 7 DE MAIO DE 2026.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día sete de maio de dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 27 DE ABRIL DE 2026.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 27 de abril de 2026.

2.- MEMORIA VALORADA DA OBRA MELLORA ABASTECIMENTO EN BEADE E AS REGADAS.- Logo da petición formulada por esta Alcaldía, a Deputación ven de incluír unha axuda nominativa nos seus orzamentos para a actuación resinada por importe de 40.000,00 €.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan aprobar a memoria valorada da obra.

3.- MEMORIA VALORADA DA OBRA DE MELLORA DO SANEAMENTO EN BEADE (RÚA PATEIRA).- Logo da petición formulada por esta Alcaldía, a Deputación ven de incluír unha axuda nominativa nos seus orzamentos para a actuación resinada por importe de 22.000,00 €.

Os membros da Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acordan aprobar a memoria valorada da obra, sendo as actuacións previstas conformes coa normativa urbanística aplicable e non sendo necesarias autorizacións sectoriais.

4.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de non cumprirse as condicións fixadas.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

AUTORIZAR a D. JUAN ANTONIO VILLANUEVA PÉREZ, con domicilio en Rúa Ribeiro, 9 Beade (Ourense), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmoible sito na resinada rúa, con ref. catastral 2264909NG7826S0001DS, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de peche de parcela, e de acordo co informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licencia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cúa liquidación ascende o seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 1.060,00 €.....21,20 €

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernández Loureiro